
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/6-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE LAXE	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ámbito do plan</b>	Dende punta Morelo a punta Padrón
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A : dende praia de Laxe a punta. Padrón e pedras cercadas Zona B: dende praia de Laxe a punta Morelo e pedras cercadas

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
2	23	47
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Si</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
2	-	5

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>	(**) 94, (*) cunha veda comprendida entre o 12 de outubro (incluído) e o 13 de decembro										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A pé</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: Embarcación</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (Mariscador/día)</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Habilitación enrolado e a bordo/día</b>
Percebe	5 kg	-	5 kg

<b>Artes a empregar</b>	Rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	--------------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Zona cemiterio, lonxa de Laxe, punta Cabo da Area, rampla da Balieira e embarcación da confraría
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Laxe

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

(\*) Modificado por Resolución do 28 de setembro de 2010 da D.X. Ordenación e Xestión dos RR.MM 1

(\*\*) Modificado por Resolución do 01 de outubro de 2010 da D.X. Ordenación e Xestión dos RR.MM



Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>					X	X						
Zonas: Catuxa, Saltaduiro (Pepe de Xan), Chuco de Amalia												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** Unha vez resolto o proceso de renovación de permex a pé, o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan no vindeiro ano é de 2.

Conforme aos datos da Consellería o número de habilitacións correspondentes ás 23 embarcacións incluídas no plan co recurso percebe no seu permex e asociadas a confraría de Laxe é de 47.

**Ampliación:** A situación deste recurso non aconsella acceder á solicitude de ampliación incluída no plan, máis alá da cobertura de vacantes nas dúas modalidades, é dicir, dúas vacantes a pé e 5 habilitacións.

**Xestión da explotación:** A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das dúas zonas de produción, ademais de establecer unha veda xeral durante os meses de maio, xuño e outubro.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Accións de mellora:** Os rareos previstos nas zonas de percebe de baixa calidade considéranse axeitados para a mellora da produción, non sendo así que o percebe extraído teña como destino a súa venda. Isto implica que estes días non poden ser considerados simplemente como días de limpeza senón que deben ter a consideración e o tratamento de días de extracción con fins

(\*) Modificado por Resolución do 28 de setembro de 2010 da D.X. Ordenación e Xestión dos RR.MM 2

(\*\*) Modificado por Resolución do 01 de outubro de 2010 da D.X. Ordenación e Xestión dos RR.MM



comerciais. Por isto, e dado que estes traballos se realizarían nos meses de maio e xuño, meses de veda deste recurso, habería que incrementar os días máximos de extracción propostos neste plan, a cota máxima de captura durante eses días nas zonas delimitadas e non se podería limitar o número de persoas que realizan estes traballos diariamente. Por isto, non se aproba a realización destes traballos tal e como se propoñen no plan, debendo modificar as normas de xeito que, ou ben se axusten a traballos de rareos voluntarios e sen fins lucrativos, ou ben se axusten a días de extracción -nos que non se pode impedir a actividade a ningunha persoa con permex ou habilitación en vigor- en zonas de percebe de baixa calidade sumando estes días aos días máximos de extracción previstos e cun tope de captura maior que nas zonas habituais de traballo co fin de que a extracción sexa rendible. Deberán modificar as normas e organización destes traballos, nun senso ou noutro, e aportar esta documentación antes da entrada en vigor deste plan co fin de que sexa avaliada polos técnicos desta Consellería.

**Puntos de control:** Non achegan as normas de funcionamento dos puntos de control nin especifican as persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Vixilancia:** A realización de vixilancias serán obrigatoria para todos os participantes neste plan.

**Réxime sancionador:** O plan reflicte que o incumprimento das vixilancias será sancionado conforme ao establecido nos regulamento de réxime interno da agrupación, e aporta anexo ao plan o réxime sancionador da agrupación. Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000, no que respecta ao incumprimento das prescrición contidas nos plans de explotación.

**Deberán achegar** a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan por parte da agrupación de percebeiros.
- Sistema de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables do mesmo.
- Coordenadas cartográficas que delimitan os puntos de control, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.